



A opción preferencial polos pobres non é negociable para o cristianismo. Trátase dun aspecto nuclear da súa visión do mundo. É unha consecuencia directamente tirada da ensinanza de Xesús respecto do Reino de Deus. Agora ben, como actualizar axeitadamente esa chamada continua á solidariedade, á misericordia, á igualdade, á loita contra a marxinação e a miseria a prol da inclusión e a dignidade?

É evidente que non se trata só dun problema persoal que nos afecte unicamente coma individuos. É tamén unha cuestión social de clara fasquía estrutural que debe interrogar globalmente ás sociedades do planeta. E ten traducións moi claras nos eidos da política e tamén da economía. Esta é a gran pregunta: que modelo económico debe imperar nun país para que os pobres deixen de selo?

Encrucillada quere ofrecer estudos, achegas e experiencias que nos fagan reflectir con fundamento verbo de tales cuestións. Nesta liña van os estudos tanto de Luís González-Carvajal Santabárbara coma o de Gonzalo Rodríguez. O primeiro expón e analiza os sistemas económicos máis significativos dende a revolución industrial ata a actualidade. O segundo ilumina ese mesmo problema desde o maxisterio social dos últimos pontificados.

A achega de Xosé Cuns e Luís Barreiro porá ao lector entre a espada e a parede: asistencialismo ou cambio de estruturas? Non só como cuestión teórica, senón como opción de vida con consecuencias prácticas.

O mesmo sucede coa achega de Xosé Manuel Pensado. Dende a dirección da ONG *Égueire* estase a promover o desenvolvemento de cooperativas en Costa de Marfil dando recursos e poder a mulleres que están sacando adiante proxectos antes dificilmente soñados. Non é só unha achega informativa, senón tamén interpelante.

Como interpelante e indignante é tamén o rexeitamento da UE aos refuxiados que chaman ás nosas portas pedindo seguridade e protección tras fuxir de territorios devastados pola guerra ou pola fame. Encrucillada que loitar contra o esquecemento mediático de

tan dramática realidade publicando un manifesto moi elocuente ao respecto.

Tamén a xeito de crónica queremos evitar que se esqueza a necesidade de repensar os ministerios na Igrexa nos que as mulleres só aparecen coma receptoras pasivas de sacramentos. Publicamos un breve resumo das últimas xornadas da ATE (Asociación de Teólogas Españolas) no que se tratou o tema do diaconado feminino.

No apartado de lembranzas especiais temos a triste obriga de acordarnos de Afonso Zulueta de Haz, notario galeguista e benfeitor, alma entregada a tantos proxectos de cultura e de progreso, así como de Maquicha García Agudín, enfermeira e relixiosa da Compañía de María. Manolo Regal e María Carmen Pablos Martín fan o *In Memoriam* da segunda. Engracia Vidal, Bieito Santos e Quico Domínguez lembran a Zulueta. Cómpre advertir ao lector que, por esixencias de impresión, os traballos de Engracia Vidal e Quico Domínguez poden ser lidos na nosa páxina web: www.encrucillada.gal. Na versión en papel reproducimos o escrito de Bieito Santos.

A habitual roldas de política –loxicamente atenta ao que está a suceder en Catalunya– así coma as de Igrexa e cultura, completan un número no que tamén hai interesantes recensións, amén dos sempre suxestivos debuxos de Soedade Pite.

Pedro Castelao